


# REUNIÓN TÉCNICA

## XXVI DÚATLON ESCOLAR CIDADE DE SANTIAGO

## Final Provincial XOGADE A Coruña

## BX/ALV/INF/CD

## PBX NON COMPETITIVA

### 25 de abril de 2026

# PRESENTACIÓNS E CIRCUÍTOS

- **Persoas clave:**

  Xuiz Árbitro/DT: Pablo Cabanelas

- **Xurado de Competición**

  Pablo Cabanelas
  Juan Carlos (FEGATRI)
  Juan Clemente Díaz(Triatlón Coruña)

**Localización**:

Estadio Municipal Verónica Boquete, San Lázaro Coordenadas Santiago de Compostela 42°52′58″N, 8°30′58″W



# HORARIOS E DISTANCIAS
# PROBA XOGADE

| ENTREGA DE DORSAIS | APERTURA CONTROL DE MATERIAL | PECHE CONTROL DE MATERIAL |
|---|---|---|
| 08:30 | 08:45 | 15 minutos antes de cada saída |

| ** | CÁMARAS CHAMADAS | SAIDA MASCULINA | SAIDA FEMININA |
|---|---|---|---|
| CADETE (2010-2011) | 9:20 h | 9:30 | 10:31 |
| INFANTIL (2012-2013) | 10:05 h | 10:15 | 10:16 |
| ALEVÍN (2014-2015) | 11:50 h | 11:00 | 11:20 |
| BENXAMÍN (2016-2017) | 11:35 h | 11:45 | 12:00 |

**PERCORRIDOS:**

| CATEGORÍAS | CARREIRA A PÉ | | BICICLETA | | CARREIRA A PÉ | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Cadete | 1.600 m | 1 Volta | 7.600 m | 4 Voltas | 800 m. | 1 Volta |
| Infantil | 1.200 m. | 1 Volta | 5.700 m. | 3 Voltas | 600 m. | 1 Volta |
| Alevín | 800 m. | 1 Volta | 3.800 m. | 2 Voltas | 400 m. | 1 Volta |
| Benxamín | 400 m. | 1 Volta | 1.400 m. | 1 Volta | 200 m. | 1 Volta |

# HORARIOS E DISTANCIAS
# PROBA NON COMPETITIVA

| CATEGORÍA | CÁMARA DE CHAMADAS | SAÍDA |
|---|---|---|
| Prebenxamín | 12:05 | 12:15 |

**PERCORRIDOS:**

| CATEGORÍA | CARREIRA A PÉ | | BICICLETA | | CARREIRA A PÉ | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Prebenxamín | 250 m. | 1 Volta | 1.000 m. | 1 Volta | 125 m. | 1 Volta |

# REGULAMENTACIÓN

## Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control. Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado.

## Saída

Cinco minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída .

## Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona e facilitar a entrada do resto de categorías.

## CONSIDERACIÓNS

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización, así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.
As persoas acompañantes non poderán ocupar a zona dos circuítos.

# ACCESO A ZONA DE COMPETICIÓN

- **Só poden acceder a zona de competición as persoas acreditadas:**
  - Deportistas inscritos/as
  - Persoal técnico acreditado, cando non haxa competición.
  - Organización
  - Oficiais
  - Persoal acreditado

# CONTROL DE MATERIAL

- **Para acceder ao Control de Material é imprescindible:**
  - Bicicleta e material regulamentario "bici de estrada ou de montaña sen acoples nin engadidos e co guiador correctamente taponado ". Casco que debe estar posto sobre a cabeza e abrochado.
  - Casco con certificación para uso ciclista.
  - Dorsal de corpo, Casco e Bicicleta colocados.
  - *Para as categoría prebenxamín, benxamín e alevin estarán permitidos os minifreos nas bicicletas Calquera accesorio, pata de cabra ou semellante deberá ir correctamente cuberto e bloqueado para non causar perigo..*
  - *O dorsal vai colocado no segmento da carreira a pé á fronte e do ciclismo nas costas.*

- **Dentro da transición:**
  - Bicicleta colocada á esquerda do número de dorsal ca roda dianteira mirando cara o pasillo (Tanto na T1 como na T2)
  - Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
  - Só se pode deixar na transición o material para competir.
  - Calquera marca ou material que non sexa de competición será retirado polos oficiais.

# PROCEDEMENTOS PREVIOS Á SAÍDA

**Dez minutos** antes do comezo da saída, os/as deportistas colocaranse na zona de cámara de chamadas.

Un/ha oficial indicará que os/as deportistas se coloquen na liña de saída sen pisar a mesma.

O oficial responsable da saída indicará "aos seus postos" e procederase á saída cando soe a bocina.

# PERCORRIDOS CADETE

Carreira a pé: 1 volta (1.600 m).




Bicicleta: 4 voltas (7.600m).




Carreira a pé: 1 volta (800m).



# PERCORRIDOS INFANTIL

**Carreira a pé: 1 volta (1.200m).**




**Bicicleta: 3 voltas (5.700m).**




**Carreira a pé: 1 volta (600 m).**



# PERCORRIDOS ALEVÍN

**Carreira a pé: 1 volta (800m).**




**Bicicleta: 2 voltas (3.800m)**




**Carreira a pé: 1 volta (400 metros).**



# PERCORRIDOS BENXAMÍN

**Carreira a pé: 1 volta (400m).**




**Bicicleta: 1 volta (1.400m).**




**Carreira a pé: 1 volta (200m).**



# PERCORRIDOS NON COMPETITIVA

Carreira a pé: 1 volta (250 m).




Bicicleta: 1 volta (1.000m).




Carreira a pé: 1 volta (125 m).



# REGULAMENTACIÓN TRANSICIÓN 1

- Unha vez rematada a carreira a pé, dirixiraste ao teu pasillo  e seguirás ata o número de dorsal onde tes colocada a bicicleta.

. Non cruces por debaixo das barras.

- Coloca e abrocha o casco antes de tocar a bicicleta.

- Saca a bici do soporte e lévaa na man ata a liña de montaxe. Non subas nela ata que despois de pasar a liña de montaxe, onde un/ha oficial che indicará que podes facelo.

# TRANSICIÓN 1



# LIÑA DE MONTAXE




*Na saída da transición atoparás a Liña de Montaxe.*
*Estará marcada no chan e un/ha oficial indicarache que subas despois.*

*Debes poñer ao menos un pé completo no chan despóis da liña e antes de montar na bicicleta!*

*Seno o fas correctamente serás parado 5" por un oficial na transición antes de saír á carreira a pé.*

# REGULAMENTACIÓN TRANSICIÓN 2

- Ao chegar á liña de desmontaxe, antes de entrar á transición, un/ha oficial indicarache que te baixes da bici antes desta liña.

- Coa bici na man irás polo teu pasillo ata o teu número de dorsal e colocarás a bicicleta no soporte. Non cruces por debaixo das barras.

- Unha vez colocada a bicicleta, xa podes sacar o casco e deixalo con coidado sobre a bici ou no teu espazo.

- Segue sempre de fronte ata o final da transición, nunca voltees cara atrás xa que podes tropezar con outros/as deportistas que estarán chegando.

- Un/ha oficial sinalarache por onde ir  para empezar a última carreira a pé, completala e chegar á meta.

# TRANSICIÓN 2



# LIÑA DE DESMONTAXE




*Antes de entrar á segunda transición atoparás a Liña de Desmontaxe. Estará sinalizada no chan.*

*Debes poñer ao menos un pé completo no chan antes da liña!*

*Se non o fas correctamente serás parado 5" por un/ha oficial na transición antes de saír á carreira a pé.*

# PRECAUCIÓN

En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermella



# META E POSTMETA

Unha vez cruces  a liña de Meta non te deteñas, continua ata a POST META onde recibirás o avituallamento.

**Diríxete directamente á TRANSICIÓN, recolle o teu material cando os oficiais cho permitan,** e abandona a zona para permitir que deportistas doutra categoría accedan ao control de material

# CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓNS

- A Cronometraxe da proba será manual.

- Unha clasificación provisional será publicada no taboleiro de anuncios,

para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportistas. https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/02/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf

- As clasificacións oficiais publicaranse na web www.fegatri.org

# PREMIOS

- Medallas para os tres primeiros e primeiras clasificados individuais de cada categoría e sexo do Clasificatorio Xogade de Dúatlon Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete.

- Entrega de Premios ao remate das probas. Hora estimada: 12:30 h

# PREVISIÓN METEOROLÓXICA



# ¡¡ BOA SORTE !!

FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON E PENTATLON MODERNO

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

NON
Fronte á violencia de xénero só cabe unha resposta. Sen ningún xénero de dúbida.